Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Figueiredo

Figueiredo é o nome dunha cidade asolagada na parroquia de Cervás, concello de Ares (A Coruña). A cidade cadraba preto da Cova dos Mouros e do barranco de Vermieiras, case na beiramar. Aínda se ven as figueiras que rodeaban a cidade, e seica se atoparon cachos de louza □das potas e dos pratos dos antigos da desaparecida cidade□.

No barranco de Vermieiras, por certo, non se deberan tirar pedras como fan algúns, pois poden ferir a un neno encantado que mora no seu interior.



BIBLIOGRAFÍA

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E., GÓMEZ BLANCO, A., De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia, Ferrol, 1999.